



**D. PABLO PORTELA FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO EXCMO. CONCELLO DE TUI.**

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 20/09/2024 e no seu punto FOD H) adoptou o seguinte acordo con teor literal que se indica:

**“ FOD H).- EXPEDIENTE 3141/2024. CONCESIÓN DEMANIAL DO POSTO VACANTE Nº 7 (PANADERÍA) NO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE TUI.**

Vista a proposta da Concelleira de Emprego e Formación, Comercio, Igualdade, Turismo, Patrimonio e Conxunto Histórico, do 03/10/2024, na que se recolle:

**“ PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE**

*PRIMEIRO. En data 26.09.2024 se emite pola Concelleira de Comercio PROXECTO DE CONCESIÓN DEMANIAL PARA A EXPLOTACIÓN DO POSTO VACANTE Nº 7 (Panadería) DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE TUI, de acordo co previsto no artigo 84 do RD. 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

*SEGUNDO. Consta no expediente informe de valoración emitido polo Arquitecto Técnico municipal en data 08.05.2024.*

*TERCEIRO. O Concello de Tui ten como competencias propias as relativas “Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante”, de acordo co disposto no artigo 25.2.i) da Ley de Bases de Réxime Local. O servizo de mercado é un dos servizos mínimos que debe prestar o Concello de Tui, de acordo co disposto no artigo 81.b) da LALGA.*

*CUARTO. En data 26.09.2024 se emite documento de prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto vacante nº 7 (Panadería) do Mercado Municipal de Abastos de Tui mediante procedemento de concorrencia por trámite de urxencia e licitación electrónica.*

*QUINTO.- Consta emitido informe xurídico polo Técnico de Xestión en data 26.09.2024, e Nota de conformidade do Secretario de data 03.10.2024.*

*No exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local formulo a seguinte*

**PROPOSTA:**

*PRIMEIRO. Xustificar a necesidade de levar a cabo a licitación da concesión demanial de uso privativo dos postos do Mercado nas razóns expostas no PROXECTO DE CONCESIÓN DEMANIAL PARA A EXPLOTACIÓN DO POSTO VACANTE Nº 7 (Panadería) DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE TUI, emitido pola Concelleira de Comercio en data 26.09.2024.*

*SEGUNDO. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que han de rexer a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto vacante nº 7 (Panadería) do Mercado Municipal de Abastos de Tui mediante procedemento de concorrencia por trámite de urxencia, e de*





acordo co Proxecto de Concesión demanial emitido en data 26.09.2024 pola Concelleira de Comercio.

TERCEIRO. Aprobar o expediente para a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto vacante nº 7 (Panadería) do Mercado Municipal de Abastos de Tui por un prazo de quince anos e polo canon mínimo de 4.737,50 euros, mediante procedemento de concorrencia e trámite de urxencia de acordo co Prego de cláusulas administrativas aprobado, coas seguintes características e polo canon mínimo que se indica a continuación

nº	USO	M2	CANON 15 ANOS	CANON ANUAL
7	PANADERÍA	18,95	4.737,50 €	315,83 €

CUARTO. Xustifícase a urxencia da licitación no feito de o posto N° 7 quedou vacante e resulta urxente poder ofertar a activade de venta de panadería por constituir o pan un produto básico da cesta da compra que actualmente non se está ofertando no Mercado de Abastos de Tui, resultando necesario proceder a adxudicar o posto o antes posible, dando así cumprimento á obriga de prestar o servizo de mercado establecida no artigo 81 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia. Asimesmo, se acorda adicar o posto nº 7 a actividade de venta de Panadería por dipor dunha superficie maior que o posto inicialmente asignado na anterior convocatoria, o nº 5.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no [perfil do contratante do Concello de Tui](#), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que, no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS desde o día seguinte ao da publicación, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes. As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoriamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, no enderezo: <https://www.contrataciondelestado.es>, de acordo cos requisitos e condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas."

Polo tanto, á vista dos antecedentes referenciados anteriormente e visto o informe técnico, xurídico e de intervención, a Xunta de Goberno Local, por **unanimidade dos membros presentes (6 votos a favor)**, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Xustificar a necesidade de levar a cabo a licitación da concesión demanial de uso privativo dos postos do Mercado nas razóns expostas no PROXECTO DE CONCESIÓN DEMANIAL PARA A EXPLOTACIÓN DO POSTO VACANTE N° 7 (Panadería) DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE TUI, emitido pola Concelleira de Comercio en data 26.09.2024.

SEGUNDO. Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que han de rexer a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto vacante nº 7 (Panadería) do Mercado Municipal de Abastos de Tui mediante procedemento de concorrencia por trámite de urxencia, e de acordo co Proxecto de Concesión demanial emitido en data 26.09.2024 pola Concelleira de Comercio.

TERCEIRO. Aprobar o expediente para a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto vacante nº 7 (Panadería) do Mercado Municipal de Abastos de Tui por un prazo de quince anos e polo canon mínimo de 4.737,50 euros, mediante procedemento de concorrencia e trámite de





## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

urxencia de acordo co Prego de cláusulas administrativas aprobado, coas seguintes características e polo canon mínimo que se indica a continuación

nº	USO	M2	CANON 15 ANOS	CANON ANUAL
7	PANADERÍA	18,95	4.737,50 €	315,83 €

CUARTO. Xustifícase a urxencia da licitación no feito de o posto N° 7 quedou vacante e resulta urxente poder ofertar a activade de venta de panadería por constituir o pan un produto básico da cesta da compra que actualmente non se está ofertando no Mercado de Abastos de Tui, resultando necesario proceder a adxudicar o posto o antes posible, dando así cumprimento á obriga de prestar o servizo de mercado establecida no artigo 81 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia. Asimesmo, se acorda adicar o posto nº 7 a actividade de venta de Panadería por dipor dunha superficie maior que o posto inicialmente asignado na anterior convocatoria, o nº 5.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no [perfil do contratante do Concello de Tui](#), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que, no prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS desde o día seguinte ao da publicación, se presenten as proposicións que se estimen pertinentes. As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse obrigatoriamente de forma electrónica a través da Plataforma de contratación do Sector Público, no enderezo: <https://www.contrataciondelestado.es>, de acordo cos requisitos e condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas.

E para que así conste, expido a presente en Tui, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González, e coas salvedades establecidas no artigo 206 do ROF.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

